



NORMAS DE FUNCIONAMENTO E INSCRICIÓN NO CAMPUS DE NADAL BUEU 2019

- A criterio da Concellería de Deportes ou dos monitores de Deportes que imparten as diferentes actividades do Concello de Bueu, poderáselle **requirir un certificado médico** a calquera participante de calquera idade e inscrito no programa, cando os responsables do mesmo observen que existe algunha circunstancia que cambiara a óptima condición física do participante (enfermidade, accidente, etc).
- O programa **comezará** o 23 de decembro e rematará o 3 de xaneiro. Serán 8 días de actividade distribuídos en dúas semanas. Concretamente os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 decembro de 2019 e o 2 e 3 de xaneiro de 2020. Descansaranse os dous festivos: 25 de decembro e 1 de xaneiro que cadran en mércores.
A actividade non comezará ata que exista o persoal necesario e titulado para levala a cabo, e ata que exista un mínimo de usuarios inscritos.
- O programa desenvolverase de luns a venres (excepto festivos) en horario de 9 a 13h para rapaces/as entre os 6-12 anos.
- O programa desenvolverase principalmente no Pavillón Municipal Pablo Herbelo de Bueu. Con saídas puntuais do pavillón pola contorna do concello para facer diferentes actividades en lugares marcados (por exemplo: praia da Banda do Río, na Senda do Rió Bispo ou no Clube de Remo). Lugares ós que se accederá sempre a través de andainas para rematar outra vez no pavillón (salvo que se comunique o contrario os titores dos rapaces/as).
- Para unha maior prestación nos servizos e mellora da aprendizaxe, os participantes no programa “Campus de Nadal 2019” serán divididos en tres grupos. Grupos que coinciden cos ciclos de primaria: 1º, 2º e 3º. Nesta división non influirá a diferenza de xénero, unha determinada condición física nin a pertenza a un determinado colexio do concello.
- Para **inscribirse** no programa se utilizará o **impreso de inscrición** que se atopa nos catro colexios de primaria do Concello de Bueu. Dito impreso se entregará por **registro municipal**, ben presencialmente (rúa Eduardo Vincenti, nº8, baixo) ou ben a través da sede electrónica (www.concellodebueu.gal).
- O **prazo** para entregar o impreso de **inscrición** será dende o mércores 4 ao mércores 18 de decembro de 2019, ámbolos dous días incluídos.
- Inscribíranse no programa “Campus de Nadal 2019” a aquelas persoas que entreguen o seu impreso de inscrición **atendendo estritamente á orden de entrega** no registro municipal.



- Unha vez cubertas as prazas, **crearase unha lista de agarda**, elaborada segundo a orde de chegada de inscricións a través do rexistro municipal.

Só se poderán dar novas altas (que sairán da lista de agarda) naqueles grupos nos que se produciran baixas.
- Para **formalizar a baixa** deberase cumprimentar obrigatoriamente unha instancia xeral na que se poñerán os datos do inscrito, a actividade na que está inscrito e que se de baixa. Unha vez cuberta, será entregada a través do rexistro municipal ou ben presencialmente na oficina de rexistro (rúa Eduardo Vincenti, nº8, baixo) ou ben a través da sede electrónica (www.concellodebueu.gal).
- Os solicitantes notificaráselles a resolución da súa petición de inscrición no programa “Campus de Nadal 2019”. Esta notificación será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, na súa páxina web (<https://concellodebueu.gal>).
- **Prezo** do programa: Tódalas actividades serán gratuítas.
- **Outras cuestións.**
 - Esta normativa será informada os usuarios previa formalización da inscrición e están obrigados a cumprila.
Esta normativa poderá ser modificada durante a súa vixencia para unha mellor adaptación do programa.
 - En caso de anulación ou suspensión da actividade, o usuario será avisado a través do teléfono de contacto presentado no impreso de inscrición.
 - En todas as actividades será obrigatorio o **uso dun calzado diferente do da rúa**. E dunha **roupa adecuada** que permita realizala actividade con total normalidade.
 - E recomendable, pero non obrigatorio, levar merenda e unha botella de auga. O igual que unha camiseta para mudarse.
 - **O feito de inscribirse** no programa “Campus de Nadal 2019”, supón a **aceptación do regulamento** de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais e as presentes normas específicas que lle corresponda, así como as que puidesen crearse ou modificarse durante o desenvolvemento do programa para mellor desenvolvemento das actividades.
 - O feito de inscribirse no programa “Campus de Nadal 2019”, supón que o titor do usuario que se inscribe afirma que este **non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das tarefas que lle sexan propostas** polo monitor durante o desenvolvemento do programa.



- O titor da persoa inscrita no programa “Campus de Nadal 2019” declara que os datos que contén o seu impreso son certos e autoriza á Concellaría de Deportes a que lle solicite de oficio calquera documentación que estime oportuna en relación o impreso presentado.
Así mesmo autoriza a obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados, os documentos e certificados necesarios para a tramitación da devandita inscrición.
E tamén comprométese a comunicar calquera cambio nos datos descritos no impreso de inscrición que puideran ocorrer o longo do programa.
- Infórmase o usuario que a **utilización de datos persoais**, atendendo a Lei Orgánica 3/2018, 5 diciembre, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, será de uso exclusivo para a Concellaría de Deportes do Concello de Bueu e pasarán a formar parte dun ficheiro informatizado para o mellor tratamento dos datos do devandito usuario. Poderán ser cedidos a outras administración, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas do responsable de tratamento de datos (Concello de Bueu). Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a exactitude e veracidade. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, aos datos persoais rexistrados nestes ficheiros comunicándoo á Concellaría de Deportes a través do rexistro xeral do Concello de Bueu, ben presencialmente na oficina de rexistro (rúa Eduardo Vincenti, nº 8, baixo) ou ben a través da sede electrónica (www.concellodebueu.gal).
- Informase o usuario que **as imaxes ou fotografías** obtidas durante a realización das diferentes actividades son propiedade do Concello de Bueu para poder expoñelas ou difundilas, excepto que éste indique o contrario comunicándoo á Concellaría de Deportes a través do rexistro municipal, ben presencialmente na oficina de rexistro (rúa Eduardo Vincenti, nº 8, baixo) ou ben a través da sede electrónica (www.concellodebueu.gal).
- Calquera **reclamación**, ou anomalía que o usuario detecte na actividade, así como as suxestións que crean oportunas, deberán expolas por escrito e dirixila a Concellaría de Deportes a través do rexistro xeral, ben presencialmente na oficina de rexistro (rúa Eduardo Vincenti, nº 8, baixo) ou ben a través da sede electrónica (www.concellodebueu.gal).
- Corresponde a Concellaría de deportes a coordinación e o seguimento das actividades do programa, así como a contratación dos monitores para levar a cabo o mencionado programa.
- Corresponde a Concellaría de Deportes solicitala instalación para levar a cabo a actividade as diferentes institucións, así como informar o día e hora do inicio



CONCELLO DE BUEU
CONCELLERÍA DE DEPORTES
Rúa Eduardo Vincenti, 2 1º 36930 Bueu (Pontevedra)
deporte@concellodebueu.gal Tfn: 986324338
CIF: P3600400J

da actividade, o día e hora do remate da actividade e o nome e teléfono do monitor responsable de impartir esa actividade.